

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Listas definitivas PI auxiliar administrativa/o

EXPEDIENTE: 2023/G003/000703

Vista a Resolución da Alcaldía nº 114/2023, de 27 de xaneiro, pola que se aproban as bases e a convocatoria que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de auxiliar administrativa/o, funcionaria/o de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2021.

Visto o anuncio da convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia número 23, de data 2 de febreiro de 2023, e os publicados no Diario Oficial de Galicia, número 43, de 2 de marzo de 2023, e no Boletín Oficial do Estado, número 57, de 8 de marzo de 2023.

Considerando que con data 25 de abril de 2023 finalizou o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de persoas aspirantes, resultando que non se formularon alegacións nin emendas á devandita lista.

Vista as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de auxiliar administrativa/o, funcionaria/o de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2021.

Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME DE LINGUA GALEGA	LINGUA EXERCICIOS
VIÑA FEÁS	MARÍA JESÚS	***0741**	EXENTA	CASTELÁN

Segundo.- Convocar aos membros do tribunal cualificador para o día 6 de xuño de 2023 ás 10.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

Terceiro.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica deste Concello: www.teo.gal e notificala aos membros do tribunal cualificador.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde en funcións,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz